

FICHA TÉCNICA

INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA PATACA DE GALICIA / PATATA DE GALICIA

Creación: Por orde do 19 de setembro de 1996 da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, recoñécese a denominación específica Pataca de Galicia (DOG 7.10.1996)

Regulamentación: Regulamento aprobado por Orde do 9 de febreiro de 2021 (DOG nº 34 do 19.02.2021) (Corrección de erros DOG nº 41 do 2.03.2021)

Inscrita no rexistro da UE polo R(CE)148/2007 de 15 de febreiro de 2007 (DOUE do 16.02.2007). Aprobada a última modificación do Prego de Condicións polo Regulamento de Execución (UE) Nº 2020/645 da Comisión (DOUE do 14.05.2020).

Enderezo: Finca A Devesa, s/n 32630 Xinzo de Limia - Ourense
Tel.: 988 46 26 50 Fax: 988 46 26 50
Correo electrónico: patacadegalicia@patacadegalicia.es;
patacadegalicia@patacadegalicia.gal
Web: www.patacadegalicia.es, www.patacadegalicia.gal

Presidencia: José Manuel Gómez Gómez

Rexistros a 31 de decembro de 2023:

Produtores:	88
Almacenistas:	13
Superficie inscrita:	3.555 ha
Superficie plantada:	619 ha

Volume de actividade no ano 2023:

Produción controlada:	28.882.100 kg
Produción comercializada:	5.022.993 kg
Valor económico estimado:	2.762.600 €

Zona amparada pola IXP Pataca de Galicia / Patata de Galicia

A zona de produción, almacenamento e envasado do produto amparado pola IXP Pataca de Galicia abrangue a Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Produto protexido**


O produto amparado pola Indicación Xeográfica Protexida (IXP) "Pataca de Galicia" ou "Patata de Galicia" defínese como os tubérculos da especie *Solanum tuberosum* L., das variedades cultivadas "Kennebec", "Agria" e "Fina de Carballo", destinados ao consumo humano e procedentes de semente certificada ou reemprego procedente da propia explotación.

O envasado realizarase en lotes homoxéneos de calibre e procedencia, sendo o calibre mínimo de 35 mm. Porén, admitirase a comercialización de patacas de calibre entre 18 mm e o mínimo citado, baixo a denominación "pataca miúda ou fóra de calibre" ou designación equivalente. Comercializarase en envases novos, limpos e de materiais axeitados para favorecer unha correcta ventilación e transporte do produto.

Características

As patacas acollidas a esta indicación xeográfica teñen pel de aparencia lisa e fina, textura firme ao tacto e cremosa ao seren cocidas, consistente en boca. A súa calidade para o consumo é excelente, destacando polo seu contido en materia seca e por manter as súas cualidades de cor, aroma e sabora despois de ser cocinadas.


Evolución da produción amparada pola IXP Pataca de Galicia (tm)



Axudas concedidas:

Durante os últimos dez anos a Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, concedeu a este consello regulador as axudas seguintes:

Subvencións concedidas á indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia (€)



	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Funcionamento	28.335	28.045	28.045	28.000	28.000	29.000	35.000	34.000	28.375	30.520
Control	22.798	22.709	33.677	32.989	32.744	33.209	39.000	39.000	36.533	36.952
Promoción	31.749	19.129	48.164	41.816	52.727	48.216	49.769	43.899	53.102	36.753
TOTAL	82.883	69.883	109.886	102.805	113.471	110.425	123.769	116.899	118.010	104.225